

A Corredoira VII

CEIP N° 2 de Tui Avda Concordia, s/n Tfno: 986 600 923
<http://centros.edu.xunta.es/ceipnumero2tui>

NOVAS TECNOLOXÍAS

DEPORTE ESCOLAR

SAÍDAS

CONVIVENCIA

BIBLIOTECA

PROXECTOS



REVISTA DO CURSO 2009-2010



1 GOL POLA EDUCACIÓN

Ceip N°2 de Tui

Campana Mundial por la
EDUCACIÓN
En España
www.cime-espana.org

Como anos pasados o Ceip N° 2 de Tui colabora e participa na Campana Mundial pola Educación coa ONG Educación sen Fronteiras. Este ano o lema da campaña foi:

1 GOL POLA EDUCACIÓN



Con este motivo, acudiron ao noso centro os/as nenos/as do 4º Curso da Escola de Primaria de Valença. Con eles tivemos unha xornada de xogos e convivencia.



1 GOLO PELA EDUCAÇÃO

Escola de Primaria de Valença



Campaña Mundial por la
EDUCACIÓN
En España
www.1gol.org

1 GOL POLA EDUCACIÓN é unha campaña que, a través da popularidade do fútbol, persegue que a educación de todos os/as nenos/as sexa un logro. Xunto cos futbolistas, os aficionados e as organizacións benéficas, de todo o mundo, podemos facer un chamamento aos dirixentes mundiais para que o fagan posible.



Tamén saímos os de 5º a Vigo onde se celebrou un acto da Campaña cos xogadores do Celta.

A campaña dun GOL POLA EDUCACIÓN continúa a súa andaina e chegou ata o Presidente da Xunta de Galicia. Nós non poidemos ir alí pero enviamos "O Balón" que fixemos no colexio e que aparece na foto.

Sumario:



Pax 1. Portada.

Pax 2 e 3. Un Gol pola Educación.

Pax 4 e 5. Fin de Curso.

Pax 6 e 7. Magosto.

Pax 8 e 9. Nadal.

Pax 10. A Paz.

Pax 11. Convivencia.

Pax 12 e 13. Entroido.

Pax 14 e 15. Letras Galegas.

Pax 16 e 17. Animación a lectura.

Pax 18 e 19. Deporte Escolar.

Pax 20 e 21. Orla alumnos de 6º.

Pax 22 e 23. O Universo.

Pax 24 e 25. O Mar.

Pax 26. Plantando Castañas.

Pax 27. O Proceso do Pan.

Pax 28 e 29. A Música.

Pax 30. As Letras.

Pax 31. 6º Fai Marquetería.

Pax 32,33,34. Saídas.

Pax 35. Actividades para o verán.

Pax 36 e 37. Información varias.

Pax 38 e 39. Anpa.



2ª ALOIADA

Fixemola nosa 2ª Aloiada co CEIP Nº1 para ter unhas xornadas de convivencia e practicar deportes de aventura e sobre todo, para divertirnos moito.



Comezamos a nosa aventura dende o Monte Galineiro ata o Monte Aloiá (9 km). Ó chegar comemos e repuxemos forzas para comezar cos talleres.



No taller de nudos mariñeiros aprendemos a facer toda clase de nudos e a facer unhas pequenas cometas de fio.



Foi moi divertido aprender en primeira sobre primeiros auxilios grazas os membros da Cruz Vermella de Tui.

xoves



A noiteña ceamos e tivemos as actividades nocturnas, actuacións preparadas polos nen@s. E como non... durmimos no albergue!!



Na xornada do venres ficemos a baixada o parque recreativo de circos (Pazos de Reis), acompañounos na ruta unha monitora do centro de interpretación do parque Natural do Monte Aloiá.



venres

Xa pola tarde continuamola baixada ata o clube de Remo do Miño e o club Kayak Tudense onde ambos clubes nos deron unhas pequenas clases de iniciación ó remo e ó piragüismo.

Queremos dar as grazas ós dous clubes por permitirnos disfrutar desta xornada de xogos acuáticos así coma a todas as casas comerciais que participaron nesta actividade e ó Concello.



FIN DE CURSO

GRADUACIÓN



Os nen@s de 5 años coa axuda dos de 3 e 4 anos quixeron recordar o seu paso por infantil, facendo un pequeno festival cheo de actuacións.



Como viñan de traballala pintura, pedíronlle a Picasso que fixera uns cadros máxicos, que cobraban vida coa musica nos ilustrasen tódolos bos momentos vividos durante o curso, así rememoraron o primeiro día de clase, o día da Paz, os Maíos, o Entroido...deste xeito, emprenderon a súa nova andadura a primaria co corazón cheo de bos records e moita ilusión.



TEATRO

Os nen@s de 4º actuaron coa obra de teatro "LA GORRIONCITA", moi divertida e cunha morea de persoaxes.

O OUTONO...

É TEMPO...

DE TRABALLO

É DE FESTA

VENDIMA



Fai vendima en Setembro antes que venza o mal tempo.

COGOMELOS

Esta é unha Amanha Muscaria mo rabelosa. Coidada con ela se a atopas pola monte.



OURIZOS E CASTANAS



As follas danzaban. Eran bailarinas. O vento as levaba.

Este curso plantamos castañas e conseguimos que nasceran moitas delas.



FOLLAS CAIDAS



MOITAS MOITISIMAS FROITAS



Para moitas actividades áula eloxal, para as froitas secas abundan nesta época do ano.

X O



Pequenas e maiores mesturadas divertímonos xogando como as nosas avós.

COMPETIÇÕES DE CARRILANAS



Ha semana correndo ou en carrilana as nenas e nenas do N.º2 non temos nevada.

EXPOSICIONS



CARREIRAS

MAGOSTO



Como todos os anos tardamos máis en asar as castañas que en comelas.

Nadal



Este ano o tema do belen foi " O Fondo do Mar". Cada ciclo fixemos unha parte, FOI MOI DIVERTIDO e quedounos así de fermoso.

Organizamos un festival no que participaron todos os ciclos.



Os máis pequenos atrevéronse cunhas panxoliñas.

Tamén o fixeron moi ben as pandereteiras que acompañaron aos nenos/as de 2º, 5º e 6º de primaria nas súas panxoliñas. Que ben o fixeron!



Ademáis houbo teatro, onde os rapaces e rapazas de 4º representaron a obra "Un Conto de Nadal" que trataba da falta de solidariedade dunha muller rica ata que lle axudaron a sacar o seu lado máis humano.



O festival rematou co desfile de 6º que nos amosaron as novas tendencias da moda.

Pero o acontecemento máis esperado foi a chegada de Papa Noel que repartiu caramelos para todos/as.



Tamén fixemos festas nas aulas comendo doces típicos de nadal. Que bos estaban! ☺



O grupo de Pandereteiras gañou o 3º premio do concurso de panxoliñas da Catedral e co premio fixemos unha chocolatada para todo o colexio.







P

A

Z

Celebramos o día da PAZ con diferentes actos, no colexio e na Area Panorámica.





convivencia co CEIP de Randufe



hockey



o pano

tenis de mesa



sogatira



carreira de sacos





Entroido 10

Os de Quinto Cabaliños

Este ano o noso centro no entroido decidiu ir cara o mar...

Os Maiores eran Piratas



Medusas e Mares os de cuarto

Polvos os de terceiro



Submarinistas os de segundo

e como non, Redes os de Primeiro



En Infantil tivemos Peixes de Cores, Nemos e Pescadores



Os mestres e moitos papás e mamás se animaron a vir o noso mar.

A meca deus as ordenes e non faltou a cuchipanda



Desfilamos por Tui e rematamos en Anubis de parranda





Este ano o día das Letras Galegas estivo adicado a Uxío Novoneyra.



Decoramos os corredores con palabras en galego que escribimos todos @s nen@s



Fíxemos un longo camiño de palabras que chegaba a Compostela. Este Ano Santo ata a lingua é peregrina.



LETRAS





O venres día 14 celebramos o Festival das Letras Galegas.



@s nen@as de Infantil cantaron " Foi a Margarida Branca".

@s nen@s do primeiro ciclo cantaron " Na Beira do Mar".



@s nen@as do segundo ciclo cantaron " A Rianxeira".

E ao final todos xuntos cantamos O Himno Galego.



GALEGAS



ANIMACIÓN Á



Para celebrar a semana da prensa montamos un kiosko na entrada da biblioteca e todos/as nenos/as do cole pasamos a visitala.



Todos levamos unha revista ou xornal.



Aprendemos a cantidade de revistas e xornais diferentes que hai



“A nosa Voz” foi o xornal que despois de esta semana editamos entre tod@s@s nen@s do cole.



Tamén tivemos xornais e revistas de outros países.



Cambiamos revistas por Caramelos

LECTURA



O día do libro todo o colexio subiu a catedral



Foi unha actividade conxunta das bibliotecas escolares e da biblioteca municipal.



Cos libros que levamos escribimos a palabra Tui



Tamén actuou o grupo de gaitas do colexio.



E as pandereteiras cantaron para nós



Pola tarde, podíamos volver coas nosas familias para coller algún libro que nos parecera interesante.





Deporte



Este ano participamos nun montón de deportes. O máis interesante é o "Deporte Intercentros", xa que xogamos en horario lectivo e practicamos con outros coles os seguintes deportes: Xadrez, Balonmán, Baloncesto, Fútbol-sala, Bádminton e Volei. Arriba os/as alumnos/as de 6ª e 3ª.



Tamén xogamos a Balonmán.



Torneo de San Telmo



Xogamos a Tenis de Mesa en Sobrada. Andrés foi o gañador.



Co Colexio de Oia



Co Colexio de As Neves



Co Colexio Sta Mª Maristas



E o equipo Alevín Feminino foi Subcampeón de zona.



Escolar



Xogamos a Bádminon en Tomiño e Randufe.




Tamén Xogamos a Volei

...E chegamos a participar nos Campionatos Galegos de Campo a Través, Duatlón e Biatlón.



En Campo a Través, Iván viaxou a Pobra do Caramiñal (A Coruña) para o Campionato Galego.



Sobre duatlón aprendemos moitas cousas que nos ensinou Lorena.

Bryan, Jesús, Xaime e Borja viaxaron ata Vilalba (Lugo) ao Campionato Galego de Duatlón.

En Biatlón quedamos Campións Provinciais, así que Miguel, Bryan, André, Gael, Mariña, Lara, Iria e Gloria viaxaron a Cervo (Lugo) para participar no Campionato Galego.



Alejandro G.

CEJP N° 2

TUJ

CURSO 2001-10



Rosa



Pilar



Marta



Bea



Berta



Dori



Luis H.



Admed



Alejandro G.



Alejandro P.



Alejandro R.



Tejido



Bianca



Axel



Bryan



Cristian



Damián



Andrea



Angela



Borja



Cora



Cristian



David



Elena



Gael



Gonzalo



Jonathan



Diana



Elena



Jona



Jria



Isaac



Jose M.



Leticia



Marina



Maria



Miguel



Fabi



Juera



Julio



Karen



Margá



Nico



Noelia



Noelia



Pati



Paula



Mariana



Manu



Nino



Pablo



Sasti



Rosalía



Julián



Fran



Adrián



Mat

EN EDUCACIÓN INFANTIL INVESTIGAMOS

O UNIVERSO

NO SEGUNDO TRIMESTRE VISITOUNOS OTO,
UNHA MACOTA EXTRATERRESTRE.
CONOUNOS A VIDA NO SEU PLANETA, AS
SÚAS VIAXES INTERESPACIAIS E MOITAS
OUTRAS COUSAS SOBRE O UNIVERSO.
COMEZOU ASÍ A NOSA VIAXE POLO SISTEMA

SOLAR

1,2,3 ...
DESPEGAMOS!

TRABALLAMOS CONTOS, FIXEMOS MURAIAS;

E APRENDEMOS UNHA MOREA DE COUSAS SOBRE OS PLANETAS, AS
CONSTELACIÓNS, DAS GALAXIAS, CONTOS SOBRE A LÚA, AS ESTRE-
LAS...

OS NENOS E NENAS DE 5
ANOS INVESTIGAMOS AS
SOMBRA S



OS NENOS E AS NENAS DE 5º
DE PRIMARIA ENSINÁRONOS OS
SEUS TRABALLOS



IPASÁMOLO MOI BEN E SEGURO QUE SEMPRE LEMBRAREMOS A
NOSA VIAXE ESPACIAL!

OS ALUMNOS DE 5º TAMÉN INVESTIGAMOS O UNIVERSO

OS RAPACES E RAPAZAS DE 5º ELABORARON MAQUETAS DO SISTEMA SOLAR. ESTE TRABALLO ESTABA RELACIONADO CON UN DOS TEMAS A TRABALLAR NA ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO.

COMO OS CATIVOS DE INFANTIL ESTABAN A TRABALLAR NO MESMO PROXECTO, OS NEN@OS DE 5º DISTRIBUÍMONOS EN GRUPOS DE 3 E FOMOS A EDUCACIÓN INFANTIL COAS NOSAS MAQUETAS.



AOS NEN@OS DE 5º CHAMOUNOS MOITO A ATENCIÓN O INTERESE MOSTRADO POLOS NEN@S DE 5 ANOS QUE NOS "BOMBARDEARON" A PREGUNTAS SOBRE O SISTEMA SOLAR.



DEPOIS DE MOITO TRABALLO A EXPERIENCIA RESULTOU MOI SATISFATORIA E POSITIVA EN TODOS OS SENTIDOS.

COMO MÍNIMO DE AQUÍ SAIRÁ UN ASTRÓNOMO OU UN MESTRE, SEGURO.

EN INFANTIL TRABALLAMOS O MAR



CANDO CHEGAMOS DAS VACACIÓNS, AÍNDA SEGUIAMOS INDO A PRAIA POLO QUE ESTABAMOS MOI INTERESADOS EN COMEZAR A INVESTIGAR SOBRE O MAR E OS SEUS HABITANTES.



FIXEMOS MOITÍSIMAS ACTIVIDADES DIVERTIDAS: DECORAMOS AS NOSAS AULAS E OS CORREDORES CON MURAIS, XOGAMOS CON CUNCHAS, CARACOLAS DISFRAZÁMONOS E APRENDEMOS MOITAS COUSAS DO FONDO DO MAR...



**A TARTARUGA PEPA E OS PEIXES MEI E PIN ,
SON AS MASCOTAS DOS NENOS E NENAS DE
4 ANOS. COIDÁMOLAS MOI BEN, DÉMOSLLES
DE COMER, CAMBIÁMOSLLES A AUGA E
ALGÚNS DE NÓS TIVEMOS A SORTE DE LEVALA
UNHA FIN DE SEMANA A NOSA CASA.**



**O NOSO PROFE DE INGLÉS
ENSINOUNOS MOITÍSI-
MAS COUSAS DO MUNDO
SUBMARINO.**





No magosto contáronnos o conto da castaña salvada

A **castaña Salvada** foi unha castaña que se salvou de morrer na fogueira e convertiuse nun fermoso castiñeiro.



TÓDOLOS NEN@S DO COLE FIXEMOS UNHA PLANTACIÓN DE CASTIÑEIROS



Trouxemos dúas castañas cada un e plantámolas



Nuns botes de plástico ou cartón e botámoslle terra.



Regámolas cada semana e convertéronse en pequenos castiñeiros.



Coa chegada da primavera os nen@s de infantil saímos



ao patio do colexio e plántamos un castiñeiro cada



nivel, botámoslle auga e agora esperamos a que saíran...



uns fermosísimos castiñeiros. plantamos algúns no cole e os demais levámoslos para as nosas



casas. E así, todas as castañas se convertiron en castiñeiros coma no conto.

COLORÍN COLORADO
O CONTO DA CASTAÑA
SALVADA ESTÁ REMATADO





O Proceso do Pan



GRANJA

"Seranteles"



Moemos


1. Moemos as sementes de centeo no muíño para facela fariña



Peneiramos



2. Peneiramos ben para sacárllelas cáscaras á fariña de centeo.



Engadimos levadura e auga.



Amasamos



4. Fíxemola masa e amasamos. Botamos máis fariña para que non se pegue a masa.

3. Engadimos a levadura desfeita nun pouco de auga. Mesturamos todo: o centeo, fariña da artesa e a levadura. Aprendemos que se fai cun fungo (que está no viño tamén) que lle da cor á masa e fai que medre.




5. Fíxémolos bolos e deixámolos nunha bandexa ao carón do forno para que medrase a masa, esperamos a que se acabara o lume do forno para metelos dentro a cocer e...poder comelos. ...Uuummmm que ricos!!!.

Fixemos o noso Bolo.





MÚSICA POPULAR GALEGA



Os nenos/as de 2º Ciclo asistiron no mes de xaneiro, en Vigo, a unha audición de música popular galega, onde explicaron as características dos instrumentos máis importantes e tradicionais, así como tamén escoitaron diferentes melodías típicas da nosa comunidade.

Xunto a esta actividade comezaron un proxecto sobre MÚSICA GALEGA



1 Por grupos,ponse en común o que saben, o que aprenderon, e o que lles gustaría saber sobre a música. Cada grupo recolle as súas propostas.



2 Buscan información sobre os diversos instrumentos. A partires dela recóllense os datos máis importantes e elabórase unha ficha de cada instrumento que logo pásase os demais grupos. Así terán datos de todos os instrumentos.



Os gaiteiros da xistra

















3 A partires dos modelos orixinais, fanse diferentes instrumentos: pandeiros, charrasco, bombos, requintas.....



4 Aprender diferentes danzas e cancións tradicionais serve de remate a este proxecto.





O NOSO ABECEDARIO

Case todos os nenos e nenas de 1º aprendemos en Infantil a ler un pouco con letras maiúsculas, pero agora sea lemos con maiúsculas, con minúsculas e en calquera tipo de letra.

Un dos nosos traballos deste curso foi inventar novas formas para as letras.

Que vos parece un i en forma de vela, ou un o en forma de roda?

Somos tan expertos/as que temos infinidade de modelos, pero entre todas as nosas ideas seleccionamos este abecedario esperando que vos guste.

Con el podedes facer o voso nome ou o dos vosos amigos e amigas.

O mellor aínda, por que non inventades vós novas formas?. Veredes canto vos ides divertir!

6º fai marquetería

Este curso, os de 6º de primaria fixemos traballos de marquetería. É moi divertido, somentes tedes que ter unha serra especial e un pouco de madeira finiña.

Os outros materiais son: Papel de calco, ceras de cores, verniz e pincéis.



Cómo se fai?
Nun anaco de táboa do tamaño do debuxo que queremos facer poñemos o papel de calco, enribaponse o debuxo e con lápiz repasámolo ben sen olvidar ningunha liña.

Recortamos coa serra o contorno. Pintámolo de cores, e por último dámoslle unha capa de verniz.



A NOSA DESPEDIDA

Nós, os alumnos de 6º, despedímonos do colexio, algúns levamos aquí dende os 3 anos. Deixaremos compañeiros, profesores, a nosa clase... porque cada un vai tomar un camiño diferente.

Pero nunca olvidaremos os bos e os malos momentos que pasamos xuntos. Como cando en 5º se caeu o encerado enriba do pé de Adrián e a profe Dory berrou tan forte que se escoitou en todo o colexio.

Tamén recordaremos as actuacións e os festivais, os entroidos, as excursións e as cuchipandas... tamén a tarta de Rosalía.

Deixamos atrás parte da nosa infancia, e preguntámonos como será o futuro, pero grazas aos profesores que tivemos, levamos parte do camiño feito.

Grazas a todos.

SEMPRE VOS LEVAREMOS NO CORAZÓN!

Os alumnos de 6º.





Os nen@s de Infantil
fomos de excursión:

A Indiana Bill
Pasámolo Chupi

SAÍDAS

INFANTIL



Os nen@s de 4 anos visitamos
o Museo do Mar, aprendemos
moitas cousas.





@s nen@s de 2º visitamos a Granxa Sarantellos, gustáronnos moito os animais.

Saídas



Primaria

@s nen@s de 3º fixemos un percorrido polas rúas de Tui





Os nenos/as de 4º no mes de marzo subimos ao "TREN CAIXANOVA".



Viaxamos dende Guillarei ata Vigo en tren. Alí visitamos Naturnova, donde viaxamos en catamarán pola ría de Vigo nun simulador.



Tamén visitamos o Zoolóxico de Vigo donde disfrutamos moito cos animais.



Saidas

Primaria



@s nen@s de 6º visitamos na Coruña: O Dumus, o Acuario e o Museo das Ciencias



Tamén visitamos unha exposición de Dalí que viaxou ata Tui.



Como coidar o medio ambiente foi outra das exposicións que visitamos. Aquí animáronnos moito a cuidar o noso planeta e a reciclar.



Proposta de Actividades para o Verán


Proposta de Actividades de Lectura:-



Para Infantil



Para 1º Ciclo



Para 2º Ciclo



Para 3º Ciclo



Proposta de Actividades de Informática:-

<http://centros.edu.xunta.es/ceipnumero2tui>

www.agrudebam.es

Ed. Infantil

www.edu.xunta.es/contidos

www.waece.org

www.cucurrucu.com

www.primeraescuela.com

www.reyesypiratas.com



Ed. Primaria

www.edu.xunta.es/contidos

www.interpeques.com

www.elabueloeduca.com

www.educalandia.net

www.educalia.educared.net

www.experimentar.gov.ar

www.piensoyjuego.es

www.chicos.net

www.curiosikid.com




Proposta de Actividades Deportivas:-

Actividades deportivas do Concello contactar co Tlfno:986603627 (Ext Serv Sociais)



Actividades deportivas da Casa da Xuventude Tlfno: 986600568





Informacións



Como contactar co noso colexio .-

Se queres contactar con noso colexio pódolo facer de varias maneiras.

Por correo.- Avenida da Concordia s/n 36700 Tui

Por teléfono ou fax.- 986 60 09 23

Por email .- ceip.numero2.tui@edu.xunta.es

Na páxina web .- <http://centros.edu.xunta.es/ceipnumero2tui>



Horarios de clases.- horario de xornada única de mañá de 9:15 a 14:15 horas repartidas sa seguinte maneira:



1ª Hora .-de 9:15 a 10:10 horas

2ª Hora.- de 10:10 a 11:05 horas

3ª Hora.- de 11:05 a 12:00 horas

Tempo de lecer de 12:00 a 12.25 horas

4ª Hora.- de 12:25 a 13:20 horas

5ª Hora de 13:20 a 14:15 horas



Horario de Secretaría.- todos os días de 9:15 a 14:15 horas



Departamento de Orientación.Dn Oscar Alonso Costas. Orientación e asesoramento educativo. Horario de atención a pais e nais: os martes de 16:00h a 17:00h. Previa citación.

Horario de atención aos pais/nais: os martes de 16:00 a 17:00 horas previa petición de cita a cada titor/a ou profesor/a .

Horario da biblioteca escolar.- todos os días en horario de tarde de 16:00 a 18:00 horas para consultar ou traballar. O horario de préstamos está establecido no horario de pola mañá para cada aula.



VARIAS



✓ **Horario de actividades extraescolares.**- todos os días de 16:00 a 18:00 horas seguindo un calendario establecido ao comezo do curso no que cada familia anota os fillos/as na actividade e horario que lle conveña.

✓ **Horario de comedor.**- todos os días de 14:15 a 16:00 horas. Para anotarse ao comedor terán que notificalo o día anterior ás encargadas.



✓ **Horario da aula matinal.**- todos os días de 8:00 ata as 9:15h

✓ **Transporte escolar.**- Para todos e todas aqueles que viven un pouco lonxe, fora do casco urbán, poden acollerse ao servizo de transporte escolar de maneira gratuita. En cada autobús haberá un acompañante que axudará aos rapaces ata chegar ao recinto escolar. A empresa que ten a concesión é a de MONBUS. A hora de recollida polas paradas é en torno ás 8,45 para estar no Centro antes das 9,15 horas; e a de volta a casa será a partires das 14,15 unha vez rematado o horario lectivo.



RUTA
AREAS

PARADA

Regueiro - Anta de Arriba - Anta de Abaixo
- Gaios - San Martiño

BORNETAS Rotonda - Escola - Rafi - Parador

REBORDÁNS Virxe do Camiño - Magnolia

PEXEGUEIRO Igrexa - A Pereira - Fonteseca - Regueira -

Souto - Saides - Salgueiriño - Cruce Sobrada - Viveiro



✓ **Comezo de Curso 10-11.**- As clases daran comezo o 9 de Setembro de 2010 ás 9:15h.





O Recuncho do A.N.P.A



Voltamos a atoparnos un ano máis con tod@s vós. Un ano máis de experiencias vellas para uns, novas para outros, pero enriquecedoras para maiores e pequenos. Un ano máis, no que estivemos nunha loita que cremos boa para tod@s; a da seguridade vial na entrada do colexio. Loitamos polo dereito a ter o noso perímetro escolar o máis seguro posible, cun portal automático de acceso e un valado máis resistente do que temos agora. Estanos custando pero seguimos nelo. Saímos a rúa en dúas manifestacións, para concentrarnos diante do Concello. Poderíamolo decir máis alto pero non máis claro "SEGURIDADE XA!!!"

Dende estas liñas o Anpa quere darvos as grazas a tod@s GRAZAS A.....!!!

- ... Aos que participaron nos grupos de traballo.
-Aos que fixeron as peticións.
-Aos que redactaron as cartas.
-Aos que as repartiron.
-Aos que colocaron os panfletos das nosas reivindicacións nas súas portas.
-Aos da radio por transmitir a nosa información.
-Aos da prensa por non manipulala.
-Aos que fixeron as pancartas para levalas
-Aos que fixeron os carteis e despois os luciron.
-Aos que nos acompañaron nas manifestacións.
-Aos que non antepuxeron o vermut ou a praia por vir con nós.
-Aos que pitaban con asubios...
-Aos políticos que nos escoitaron.
-Aos acompañaron.
-Aos que asinaron.
-Aos que nos animastes.
-Aos que nos acompañaron no pleno.

Por iso, a todos vós GRAZAS!!!



Cambiando de asunto, tamén lle adicamos o curso as nosas actividades: aula matinal, comedor, barro, informática, patinaxe, judo, kung-fu, baile, pintura, inglés, cociña, xadrez....

Así mesmo o anpa colaborou na xestión da compra dos chandals, dos mandilóns, das equipacións deportivas, excursión a neve,...



Como nos últimos anos colaboramos na celebración do día da paz, cunha representación teatral no Área Panorámica e o III Concurso de debuxo donde o lema foi " Cal é a túa merenda favorita?".



Este foi un ano longo, xa é hora que chegue un merecido descanso, para poder comezar o vindeiro curso con ánimos renovados e poder mellorar o que aínda queda pendente. Esperamos que todos disfru temos ao máximo do verán. Boas Vacacións.

Despois de moitos anos de duros traballos...

....chegou a Xubilación.



Así vou pasar os días ...



